

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 3/2025
Cautelar 3/2025
Solicitante: Manuel Fernández Pérez

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado por Manuel Fernández Pérez, en data 2 de enero de 2025 y la solicitud de medida cautelar el día 8 de enero de 2025, no que solicita a revogación e suspensión dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na acta 2425/16, por non estar de acordo coa sanción de dous encontros oficiais de suspensión do adestrador recorrente e a imposición dunha multa de 100 €; pedindo asemade a asunción de medidas cautelares en canto non recaia resolución.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 18 de diciembre de 2024 O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2425/16 acorda sancionar a Manuel Fernández Pérez con dous partidos oficiais de suspensión e imposición dunha multa de 100 €.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo adestrador mediante recurso, presentado en tempo e forma.

A salvo do fondo do asunto solicitan a suspensión do cumprimento da sanción como medida cautelar.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PREVIO- Resolución cautelar: Dacordo co establecido no RRDG, este Comité de Apelación dispón da capacidade discrecional de suspender as sancións impostas namentres non se resolva o recurso correspondente, sempre que se motive xurídicamente a resolución que se adopte, conforme los principios reitores da actividade administrativa nesta materia.

A presente resolución resolve o recurso na súa integridade polo que non procede a valoración e resolución expresa da suspensión da sanción, que de feito confirmárase ou revogárase no dispositivo da presente con efectos inmediatos.

PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida.

O recurso aporta a grabación do encontro, en concreto a sección da exclusión, en ningún caso se proba que o recollido na acta é falso de feito recoñecen os feitos xustificando que xa os reprobaron.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se

formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, a acta recolle a descalificación do adestrador.

SEGUNDO.- Acertadamente o adestrador no seu recurso sinala que o noso regulamento de réxime disciplinario non é suficientemente amplo ou exahustivo, circunstancia ésta que sen dúbida a Asamblea por medio dos clubs valorará para engadir máis infraccións ao mesmo.

Sin embargo a fundamentación do recurso en que a Acta non especifica os motivos da exclusión non conleva a vulneración do principio de tipicidade.

O artigo 36 permite sancionar aos adestradores descalificados polos motivos expresados. O interesado di que existen outros motivos non recollidos, como despistar a xogadores con xestos ou palabras (non recoñecendo que sexa o caso por certo); e que poderíase ter amonestado, excluído e mesmo descalificado por esos motivos non sancionables polo artigo 36; nembargantes os árbitro tampouco exclúen a xogadores en base a un regulamento que non coñecen, nin aplican.

O regulamento de xogo aplicable é o Galego, o réxime disciplinario basease neste e por tanto, os árbitros non exclúen por motivos non recollidos. Sería un posible motivo de recurso dicir que foi excluído por xogar o trivial na bancada, é o mesmo que mentar una norma doutra federación deportiva.

O Comité está atado e vinculado polas actas, ás cales como se dixo no previo presúmense veracidade. A Acta sinala unha exclusión e non podemos presumir que a exclusión faise por motivos non recollidos nas normas aplicables, por motivos misóginos, racistas, relixiosos incluso, por poñer un exemplo. Se don Manuel quere recoñecer que o que fixo era molestar os contrarios, que así o faga, cuestión que por outra parte pode considerarse incluída no artigo 36 no canto de “ter intervenido nos incidentes que poidan producirse”; pero iso non destrúe a presunción de veracidade da acta.

TERCEIRO.- Modulación da sanción.

O adestrador fora ou non reincidente, foi sancionado coa multa mínima e a suspensión de dous encontros. E como xustifica a propia acta é reincidente, motivo polo que debería impoñer a metade superior e non o fai, sendo garantista coa medida sancionadora.

Por outra banda sí é reincidente, xa que o artigo 10 do RRdG ten en conta a reincidencia do autor, independentemente do carácter no que o cometa, como adestrador, xogador ou directivo. Se un autor foi sancionador por calquera infracción é reincidente.

E a reincidencia como ben reza o artigo 10, é por un ano dende a infracción, habendo sido sancionado por exemplo o 10 de maio de 2024.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto por Manuel Fernández Pérez contra a Acta nº 2425/16 que acorda sancionar ao clube, CONFIRMANDO a devandita resolución.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 10 de enero de 2025
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla